

SoildiverAgro project

Adopción de novas técnicas de xestión para aumentar a produción e a calidade dos cultivos



O QUE E O PORQUÉ

Alternativas non químicas e sostibles para o control de nematodos do quiste no cultivo da pataca: plantas trampa

Solanum sisymbriifolium resulta unha alternativa interesante ao uso de nematicidas no cultivo da pataca para o control do nemátodo do quiste. Esta planta favorece a eclosión dos quistes de nematodos, pero non lles ofrece sustento nin un lugar para depositar os ovos, impedindo que se reproduzan, de aí o seu nome de planta trampa. Nun dos casos de estudo do proxecto SoilDiverAgro desenvolvido en A Limia (Galicia) estudouse a capacidade destas plantas para reducir as pobacións de nemátodos en parcelas infectadas. Para iso seleccionáronse 3 parcelas pertencentes a agricultores nas cales a cantidade inicial era de 104, 43 e 85 quistes de *Globodera* por cada 100g de solo seco. As plantas sementáronse no mes de xuño a unha dose de 20kg por ha. En 2 das 3 parcelas sementadas a nascencia foi correcta e rapidamente o cultivo cubriu toda a

superficie. Con todo nunha das parcelas, a nascencia foi peor e outras malas herbas pronto competiron coas plantas trampa. Os resultados mostraron unha importante reduccion de quistes nas dúas parcelas nas que as plantas trampa naceron ben e se desenvolveron correctamente. Nestas parcelas conseguiuase unha reduccion do 77 e 87% dos quistes iniciais. Con todo, na parcela con peor nascencia e por tanto menor densidade de plantas trampa desenvolvidas, a reduccion foi dun 36%. Por tanto, se se realizan as recomendacións de manexo para o cultivo desta planta trampa e a planta consegue desenvolverse adecuadamente cunha boa desidad de sementeira, o cultivo de plantas trampa preséntase como unha alternativa eficaz, non química e por tanto sostible para o control do nemátodo do quiste no cultivo da pataca.



1. Plantas trampa (*Solanum sisymbriifolium*).



2. Quistes de nemátodos sobre a raíz da planta da pataca.

PALABRAS CHAVE

Solanum tuberosum, *Solanum sisymbriifolium*, xestión sostible.

AUTORES

Laura Meno Fariñas, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.

David Fernández Calviño, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.

Servando Álvarez Pousa, Inorde, Ourense, España.



This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement No 817819

This factsheet is produced as part of the SoildiverAgro project. Although the author has worked on the best information available, neither the author nor the EU shall in any event be liable for any loss, damage or injury incurred directly or indirectly in relation to the project.